

Santiago de Compostela, luns 7 setembro do 2026

Prezadas familias:

Informamos de que o vindeiro **mércores 9 de setembro**, data de inicio da xornada lectiva do novo curso escolar, o persoal docente e o non docente dos centros concertados de Galicia está convocado a unha **folga de 9:00 h a 12.00 h**. Ademais do paro de tres horas hai convocadas manifestacións nas principais cidades galegas.

Esta folga no ensino concertado vén provocada polo bloqueo da administración e do goberno da Xunta a implementar os acordos de mellora das condicións laborais dos traballadores/as e de mellora da calidade educativa do alumnado nos centros concertados que se atopan en suspenso desde hai 17 anos.

A previsión de participación de profesorado e persoal non docente nesta folga é alta polo que o centro contará cos servizos mínimos establecidos pola Consellería de Educación para atender ao alumnado que acuda ao colexio. **Os servizos mínimos atenderán ao alumnado asistente pero non se pode garantir o normal desenvolvemento da xornada lectiva.**

Un cordial saúdo

O Equipo Directivo

